

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 7 DE MAIO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a sete de maio de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno

Local, ao efecto convocada, e sendo as doce horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 30 de abril de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE MODIFICADO DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Modificado núm. 1 do proxecto técnico da obra de “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NAS PARROQUIAS DO SALTO, RODEIRO, GUILLAR E ÁLCEME”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, con data

maio de 2024, cun importe global de TRESCENTOS SETENTA E SETE MIL NOVECENTOS DEZ EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (377.910,19 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	354.104,82 €
✓ Honorarios de proxecto:	8.927,02 €
✓ Honorarios dirección de obra:	11.902,69 €
✓ Coordinación en materia de seguridade e saúde:	2.975,66 €

Considerando que o modificado do proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 07/05/24, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o modificado do proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención da autorización sectorial pendente segundo o informado polo técnico municipal.

3.- SOLICITUDE DE CONFORMIDADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA MODIFICADO DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA INCLUÍDA NA LIÑA 1 DO PLAN CONCELLOS 2023

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, adoptado na sesión de data 26 de abril do corrente, concedeuse ao Concello unha subvención por importe de 377.910,19 € para financiar o investimento denominado *“Mellora e pavimentación de camiños e accesos a núcleos rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar e Álceme”*, ao abeiro da liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2023 – Expediente núm. [REDACTED]. Dita concesión estivo fundamentada no proxecto técnico de igual denominación achegado no seu día ao organismo provincial.

Con posterioridade á remisión do proxecto técnico, e no trámite de xestión dos permisos e actuacións sectoriais, recibíuse a notificación da resolución de data 19/04/24 de Augas de Galicia (Clave [REDACTED]) que demandou unhas modificacións técnicas na actuación incluída no proxecto

denominada “*camiño de Outeiro á Fraga*”. En consecuencia procedeuse a redactar un modificado de dito proxecto técnico para adaptalo aos condicionantes da autorización sectorial referida.

Non se modifica nin a denominación, nin os lugares de actuación nin o orzamento total do proxecto, supoñendo unicamente un axuste nos capítulos das actuacións incluídas co fin de adaptalas ao esixido.

A cláusula décimo sétima das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 (BOP núm. 230, do 27/11/21) establece que a modificación do acordo de concesión, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada poderá ser motivada na seguinte circunstancia: “*Necesidade de cumprir coas cautelas ou requirimentos impostos nas autorizacións sectoriais concedidas despois do outorgamento da subvención e antes da licitación do investimento*”.

En virtude do exposto, debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Solicitar da Deputación Provincial a conformidade co modificado núm. 1 do proxecto técnico da obra de “*Mellora e pavimentación de camiños e accesos a núcleos rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar e Álceme*”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, con data maio de 2024.

4.- ACORDO DE ORGANIZACIÓN DA I EDICIÓN DA INICIATIVA MUNICIPAL “SABOR LABREGO RODEIRO 2024”

O concelleiro Sr. Lamazares Casero, delegado de Sector Primario, informa á Xunta de Goberno Local da promoción dende a súa Concellería dunha nova iniciativa no eido dos sectores agroalimentario e gandeiro, de importancia capital na economía do Concello. A iniciativa vai levar por nome “*Sabor Labrego Rodeiro*”, e a súa primeira edición comezará o vindeiro domingo día 19 de maio do corrente. Preténdese poñer en valor e promover as potencialidades do sector agroalimentario de Rodeiro, con énfase na produción de leite e carne. Terá como obxectivos destacar a excelencia dos produtos

locais e fomentar o consumo nos establecementos de hostalería da zona, reforzando así a nosa identidade e a economía local.

Malia celebración prevista para o presente mes de maio, a iniciativa nace coa pretensión de abranguer a totalidade do ano a través de contidos como charlas, obradoiros, cursos e outros temas que contribúan ao impulso organizativo en defensa dos recursos alimentarios locais. Sen prexuízo de destacar a produción de leite e carne de vacún, tentárase asemade reforzar outras producións que poden xerar riqueza na nosa localidade como pode ser o mel, castañas, cogomelos, horta, a transformación, o silvopastoreo, etc.

A principal programación prevista para o día 19 de maio estará integrada de xeito resumido por unha exposición-concurso gandeiro nas modalidades de vacas de leite e de carne, exposición e degustación de produtos alimentarios, un pregón a cargo dun persoeiro coñecedor do sector e das bondades do noso Concello, a I Festa do Chuletón na que participarán os locais de hostalería do noso Concello e finalmente unha festa ao atardecer animada coa participación de diferentes actuacións musicais.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Organizar a iniciativa municipal “*Sabor Labrego Rodeiro 2024*” o vindeiro día 19 de maio do corrente en Rodeiro.

Segundo.- Aprobar a programación confeccionada pola Concellería-Delegada de Sector Primario.

Terceiro.- Imputar o gasto que orixine a iniciativa á partida orzamentaria 330/226 do orzamento en vigor, ata un límite global por todos os conceptos de VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000,00 €), IVE incluído.

Cuarta.- Facultar expresamente ao Sr. concelleiro-delgado de Sector Primario para que dispoña as instrucións que resulten necesarias para o mellor desenvolvemento da iniciativa aprobada.

5.- LICITACIÓN PÚBLICA PARA A ADXUDICACIÓN DUNHA LICENZA DE USO COMÚN ESPECIAL PARA A INSTALACIÓN DUNHA BARRA-BAR DURANTE A CELEBRACIÓN DA 1ª EDICIÓN DO “SABOR LABREGO RODEIRO 2024”

I.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o municipio exercerá en todo caso competencias propias en materia de ocupación do tempo libre, promoción da cultura e o turismo.

No ámbito de ditas competencias, o Concello vai organizar integramente a Iª Edición do “*Sabor Labrego Rodeiro 2024*” o vindeiro día 19 de maio do corrente. É tradicional que ademais das contratacións musicais e de índole sociocultural e/ou deportiva, calquera programa festivo se ofrezca á poboación servizos complementarios especialmente no recinto onde se levarán a cabo as actuacións musicais, e entre eles a explotación de unha Barra-Bar onde realizar as consumicións mentres gozan da música e o baile.

Por outra banda, o Concello precisa incorporar ás súas arcas todas aquelas achegas económicas que lle axuden a sufragar os gastos que unha iniciativa como esta xera, e que non poden ser só asumidas con cargo ao erario público, polo que o feito de utilizar o rendemento que nos permite o uso do dominio público, convértese nunha importante aportación ao presuposto deste evento.

Considérase, en consecuencia, acorde co interese público que o Concello licite a licenza administrativa para a instalación de unha Barra-Bar durante a celebración da Iª Edición do “*Sabor Labrego Rodeiro 2024*”.

II.- TRAMITACIÓN

En razón do establecido nos artigos 84 e seguintes da Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas (en diante LPAP) e do artigo 77 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de Bens das Entidades Locais (en diante RBEL), a licitación realizarse mediante concorrencia, ao ter a concesión a natureza xurídica de uso común especial de

bens de dominio público, conforme ao establecido no artigo 75.1 b) do RBEL e 85.2 da LPAP.

Proponse a tramitación urxente por mor do limitado período temporal existente antes da celebración do evento.

III.- CRITERIO DE ADXUDICACIÓN

Establécese o seguinte único criterio de adxudicación: o maior prezo ofertado, a partir dun mínimo de CATRO MIL EUROS (4.000,00 €), IVE incluído. A adxudicación outorgarase ao/á candidato/a que, cumprindo os requisitos establecidos, oferte un maior prezo pola explotación da barra-bar.

IV.- INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Esta Administración carece dos medios humanos para executar a prestación do servizo xa que non se trata dunha actividade habitual da administración e os servizos de hostalería non se atopan ligados ao xiro ou tráfico da Administración Pública.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente para a licitación pública para a adxudicación dunha licenza de uso común especial para a instalación dunha barra-bar durante a celebración da 1ª Edición do “*Sabor Labrego Rodeiro 2024*”, mediante procedemento aberto en tramitación urxente.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas que rexerán a licitación.

Terceiro.- Publicar o correspondente anuncio de licitación a través do Perfil do Contratante do Concello.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 485,89 € E 61,71 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 24A/581 e 24A/580 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 148,83 € E 525,89 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7AP0001545 e TA7AP0001546 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-E4DD-004557 e 28-E4DD-044172 (FACe).
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 391,74 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 520.
- CONSULTORÍA ICAL S.L. 4.356,00 €
Por abono total do contrato de servizo para a actualización, informatización e peche contable do exercicio económico 2023, s/factura núm. 2024.007.
- WURTH S.L. 423,50 €
Por servizo de apoio informático no peche contable do exercicio 2023, s/factura núm. S03/41 (FACe).
- GEMAGAR GALICIA S.L. 2.250,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2024*” no mes de abril de 2024, s/factura núm. 0024/0000012 (FACe).
- SUMINISTROS SAA-DOZÓN S.L. 382,60 €
Por adquisición de vestiario de traballo para a brigada municipal de obras, s/factura núm. 162 (FACe).
- MÁIS ESCOLA S.L. 1.634,71 €
Por prestación do servizo de monitor do ximnasio municipal no mes de abril de 2024, s/factura núm. 734 (FACe).

- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 15.295,26 €

Por subministro de zavorra e cachote para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000244 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)